



NORMATIVA DE TRABALLO DE FIN DE MÁSTER DO MÁSTER OFICIAL DE COMERCIO INTERNACIONAL DA FACULTADE DE COMERCIO

(Aprobado na Comisión Académica do Máster do 12/07/2024,
e na Xunta de Facultade do día 22/07/2024)

Segundo se establece no RD 822/2021 de Ordenación dos Estudos Universitarios Oficiais e do procedemento de garantía da súa calidade, no capítulo IV, artigo 17.4 dispón que “Todos os plans de estudos de Máster Universitario incluírán un traballo de fin de Máster, que poderá contar cun mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30, cuxa finalidade é a de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que alcanzou o ou a estudante, e cuxa superación é requisito imprescindible para obter o título oficial. Os traballos de fin de Máster deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que para ese efecto estableza o centro ou no seu caso a universidade”.

As Universidades establecen o marco xeral no que se desenvolverá este traballo e no caso da universidade de Vigo aprobouse a Normativa para a realización do Traballo de Fin de Master (TFM) no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016, modificada o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022. Nesta Normativa dise expresamente que os distintos Centros desenvolverán unha normativa específica que regule a elaboración e defensa dos TFM.

Con este obxectivo elabórase a presente Normativa do TFM para a súa aplicación no ámbito do Máster en Comercio Internacional da Facultade de Comercio, que entrará en vigor unha vez aprobado pola Xunta de Centro da Facultade de Comercio ou órgano no que teña delegada dita responsabilidade.

Traballo de Fin de Máster (TFM)

1. No segundo cuatrimestre do curso de máster o alumnado ten que realizar un traballo orixinal e de carácter integrador, no que demostren a adquisición das competencias e habilidades propias da titulación. Na medida do posible, utilizarase linguaxe inclusiva e na bibliografía se incorporará o nome completo das e dos autores co fin de visibilizar a presenza de mulleres e homes.
2. Se incluírá no TFM una declaración asinada de autoría por compromiso anti-plaxio.
3. A carga prevista para o TFM é de 6 créditos ECTS, debendo presentar unha memoria escrita e defendelo diante dun tribunal en sesión pública.

4. O alumnado abordará a realización do TFM de forma individual e autónoma.
5. A supervisión de todo o proceso de elaboración dos TFM recaerá na Comisión Académica do Máster, que actuará como Comisión do TFM. Dita Comisión será a encargada de solucionar as posibles reclamacións e incidencias xurdidas no proceso de elaboración dos TFM.
6. A Coordinación do TFM será responsabilidade da Comisión Académica do Máster, que poderá delegar dita labor nun ou máis docentes do Máster que formen parte do PDI da Universidade de Vigo, e que en tal caso figurarán no POD como coordinadores/as da materia de TFM.

Matrícula do TFM

7. Para poder cursar o TFM, o alumnadoalumnado terá que estar matriculado de todas as materias requiridas para poder finalizar o plan de estudos.
8. O TFM é unha materia a todos os efectos polo que a matrícula equipárase a calquera outra, dando dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico a condición de que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 7.7. do Regulamento para a realización do TFM da Uvigo.
9. No caso de que o alumnadoalumnado teña depositado o traballo no Centro e conte co informe favorable do titor ou titora antes da data límite de entrega das actas da última convocatoria dispoñible para un curso académico, pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico.

Procedemento para a asignación de TFM

10. O centro publicará na páxina web do Máster, ao comezo de cada curso, un calendario no que consten as datas de todos e cada un dos prazos existentes no proceso de elaboración do TFM.
11. A Coordinación do TFM poderá solicitar ao profesorado do Máster unha proposta de temas ou bloques temáticos para os TFM. En caso de ser solicitada esta proposta, todo o profesorado do Máster que forme parte do PDI da Universidade de Vigo deberá propoñer a lo menos un tema ou bloque temático para os TFM. Así mesmo, o alumnado poderá propoñer temas concretos, que deberán ter o visto e prace da Coordinación do TFM e dun profesor/a que exercerá de titor/a.
12. A Coordinación do TFM encargarse de garantir a asignación de un TFM a cada un dos e das estudantes matriculado/as, na medida do posible e de acordo coas súas preferencias e, en caso de ser necesario, valorando o expediente académico do alumnado para establecer prelacións na asignación.

A Coordinación do TFM poderá asignar como tutor/a dun TFM a calquera profesor/a do Máster que sexa docente da Universidade de Vigo, tendo en conta, na medida do posible, a súa área de coñecemento e a docencia que imparte no Máster. Tamén poderá actuar de maneira voluntaria como titor/a calquera docente da Universidade de Vigo, aínda que non sexa docente no Máster, co visto e prace da Coordinación do TFM.

Como caso excepcional, o alumnado ou profesor/a titor/a, poderán solicitar por escrito a Comisión Académica do Máster un cambio nas asignacións correspondentes tanto persoais como de contidos temáticos, xustificando a súa solicitude. A Comisión Académica do Máste resolverá esta solicitude respectando na medida do posible a garantía de asignación de un TFM a cada estudante prevista nesta normativa.

13. A adxudicación da titorización e da temática para o traballo de fin de Máster terá validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorrido terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.

Presentación e Avaliación

14. No momento da solicitude de depósito o alumnado deberá presentar unha solicitude mediante o procedemento que se estableza e indique pola Coordinación do TFM, no cal debe indicar se opta pola defensa do seu TFM ante un tribunal colexiado ou ante un tribunal unipersonal formado polo titor/a do TFM.

Unha vez terminada a elaboración do TFM e no prazo establecido na convocatoria, o alumnado solicitará a defensa do mesmo seguindo o procedemento e dentro dos prazos establecidos pola Coordinación do TFM.

15. O alumnado depositará no Centro ou nas plataformas electrónicas habilitadas para tal fin a copia definitiva do seu TFM.
16. A persoa que titorice o TFM emitirá o informe coa valoración global do TFM mediante o procedemento que se estableza pola Coordinación do TFM.
17. Será responsabilidade da presidenciado tribunal colexiado, de acordo cos demais participantes, fixar a data e a hora do acto de defensa de cada un dos TFM do seu tribunal, que en todo caso terá lugar no período de presentación de TFM fixado no calendario oficial. Será responsabilidade do tribunal unipersonal fixar a data e hora do acto de defensa, que en todo caso terá lugar no período de presentación de TFM fixado no calendario oficial. Os actos de defensa serán publicados pola Coordinación do TFM mediante o procedemento que esta estableza.
18. O alumnado do Máster poderá facer a súa presentación a distancia de xeito virtual sempre que concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.
19. No caso de defensa ante un tribunal colexiado a valoración numérica do TFM realizada polo titor/a, computará un 30% na avaliación global, correspondendo o 70% restante á cualificación do Tribunal de Avaliación.
No caso de defensa ante un tribunal unipersonal a valoración numérica lle corresponde o 100% á persoa titora.

Os tribunais colexiados e unipersonal poderán propoñer a concesión de matrículas de

honra comunicándollo a Coordinación do TFM.

No caso de que o número de propostas sexa superior ó número de matrículas de honra que se poden conceder, se priorizará por orde da cualificación do TFM, de maior a menor. En caso de empate, terase en conta a nota media do expediente. En caso de persistir o empate, resolverá una comisión formada pola coordinación do mestrado e as persoas que presidan os tribunais afectados (unipersoais ou colexiados).

20. O TFM só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o alumnado superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de mestrado, excepto os correspondentes ao propio TFM. O Centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa presentación. A estes efectos, no caso de que na data límite da entrega de actas aínda non se recepcionaran tódalas actas, a secretaría do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase a defensa para esa convocatoria.

A cualificación dos traballos non se trasladará a acta ata que o alumnado non teña superados todos os créditos necesarios para obter a titulación.

TFM realizados noutra Universidade

21. O alumnado en réxime de mobilidade en universidades distintas á de orixe do alumnado poden matricularse do TFM na súa universidade de orixe e realizalo na súa universidade de destino, con plenos efectos académicos, sempre que o acordo de equivalencias contemple esta posibilidade.

22. O alumnado en réxime de mobilidade que defendan e non superen o TFM na Universidade de destino, poderán presentalo no Centro na convocatoria extraordinaria correspondente.

23. De acordo co apartado 3.5 do Regulamento para a realización do TFM da Uvigo, o alumnado pode solicitar a realización do TFM noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A Comisión Académica do Máster, se aproba a solicitude, solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.

Disposición adicional

24. Para os efectos da propiedade intelectual do TFM a coautoría será compartida polo alumnado que o realizou e o profesorado que o titorizou

O exemplar do TFM entregado en formato dixital no Centro poderá ser consultado a non ser que o ou a estudante manifeste a súa oposición motivada en escrito elevado á Comisión Académica do Máster.

Sempre que se faga referencia a un TFM dentro do ámbito docente da Universidade de Vigo farase constar o nome do autor ou autora sen que sexa preciso o seu consentimento expreso.

A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da Uvigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización.